

Lei 4/1992, do 9 de abril, de creación da Academia Galega de Seguridade

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 85, do 27.11.1990.

Emendas, BOPG núm. 116, do 27.2.1991.

Debate de totalidade, DSPG núm. 65, do 9.4.1991.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 173, do 4.9.1991.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 208, do 9.11.1991.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 208, do 9.11.1991.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 8, do 24.3.1992.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 254, do 3.4.1992.

Diario Oficial de Galicia núm. 76, do 22.4.1992.

Boletín Oficial del Estado núm. 128, do 28.5.1992.

Lei 4/1992, do 9 de abril, de creación da Academia Galega de Seguridade

Esta lei foi derogada pola Lei 1/2005, do 4 de xaneiro, do centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia.

A Constitución española establece, no seu artigo 148.1.22.º, a posibilidade de que as comunidades autónomas asuman competencias en materia de coordinación das policía locais, no marco que estableza unha lei orgánica. Así mesmo, o artigo 149.1.29.º da Constitución española e o 27.25 do Estatuto de autonomía de Galicia prevén a competencia de creación dunha Policía Autónoma propia. Por outra banda, a Lei de forzas e corpos de seguridade (Lei orgánica 2/1986) desenvolve o mandato constitucional establecendo que lles corresponde ás comunidades autónomas, entre outras competencias, a de coordinar a formación profesional das policía locais mediante a creación de escolas de formación de mandos e de formación básica.

Para o desenvolvemento efectivo destas competencias faise necesaria a creación dunha Academia de Seguridade que lles proporcione e garanta a adecuada formación ós membros das policía locais e da Policía Autónoma ou adscrita baixo parámetros de homoxeneidade, calidade e eficacia. Así mesmo, na Academia Galega de Seguridade poderán formarse os

membros dos corpos de bombeiros dos concellos de Galicia que o soliciten a través de convenios bilaterais.

A especificidade e finalidade desta Academia aconsellan a súa creación como organismo autónomo adscrito á Consellería da Presidencia e Administración Pública.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de creación da Academia Galega de Seguridade.

Artigo 1

1. Créase a Academia Galega de Seguridade (AGS) como organismo autónomo de carácter administrativo adscrito organicamente á Consellería da Presidencia e Administración Pública.

2. Para o cumprimento dos seus fins a Academia Galega de Seguridade goza de personalidade xurídica propia, autonomía funcional e plena capacidade de obrar. Dispón de patrimonio propio e actúa de

acordo coa normativa autonómica que lle sexa aplicable e coa reguladora das entidades autónomas.

3. A sede da Academia Galega de Seguridade, así como o establecemento de delegacións, se é o caso, fixaraos a Xunta de Galicia.

4. Aplicarase con carácter subsidiario a Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade do Estado.

Artigo 2

Son funcións da Academia Galega de Seguridade:

1.— A realización dos cursos que se establezan para o ingreso e a promoción interna ás distintas escalas dos corpos de Policía Autónoma e de policía locais.

2.— Imparti-los cursos de formación e perfeccionamento permanente, así como os de especialización, para tódalas categorías ou tódolos postos de Policía autonómica e de policía locais.

3.— Investigar, estudar e divulgar materias e documentación relativas á Policía e seguridade cidadá, tendentes a facilitarlles ós concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos das policía locais. Para tales efectos estableceranse as relacións de colaboración correspondentes entre a Comisión de Coordinación das Policía Locais de Galicia e a Academia Galega de Seguridade.

4.— Promove-la celebración de convenios de colaboración e intercambio de experiencias docentes e investigadoras con organismos semellantes de ámbito autonómico, estatal ou internacional.

5.— Imparti-los cursos de formación que se establezan para os membros dos corpos de bombeiros daqueles concellos cos que se formalice o correspondente convenio de colaboración.

6.— Emitirlles informe á Xunta de Galicia nos procesos de selección da Policía autonómica e mais ós concellos que o soliciten nos procesos de selección das policía locais.

7.— Organizar, na propia sede da Academia ou en colaboración cos concellos ou coas deputacións, cursos de preparación e formación de corpos de funcionarios ou voluntariado para as tarefas de extinción e prevención de incendios e protección civil.

8.— Calquera outra función que se lle asigne regulamentariamente.

Artigo 3

Os órganos de goberno e de administración da Academia Galega de Seguridade son:

1.— O Consello Rector.

2.— O director.

Artigo 4

O Consello Rector da Academia Galega de Seguridade está forma-

do por un presidente, un vicepresidente, un máximo de dezanove vocais e un secretario.

1.— Presidente: o conselleiro da Presidencia e Administración Pública.

2.— Vicepresidente: o director xeral de Xusticia e Relacións coas Corporacións Locais.

3.— Vocais:

a) O director da AGS.

b) O director da EGAP.

c) Catro representantes da Xunta de Galicia, designados polo seu Consello entre aqueles que teñan a categoría de director xeral.

d) Catro representantes dos concellos de Galicia, designados na forma que regulamentariamente se determine.

e) Catro representantes dos membros das policía locais, designados polos sindicatos máis representativos da Policía local no ámbito da Comunidade Autónoma galega.

f) Un representante do profesorado da Academia Galega de Seguridade.

g) Ata catro representantes, un por cada unha das asociacións de bombeiros ou voluntarios civís, se é o caso, que estean legalmente constituídas en Galicia, segundo se determine regulamentariamente.

A condición dos vocais representantes dos concellos e dos sin-

dicatos policiais estará ligada á representatividade posuída e perderase ó desaparecer esta.

4.— O secretario da Academia Galega de Seguridade, que actuará ademais como secretario do Consello Rector.

Artigo 5

Correspóndelle ó Consello Rector da Academia Galega de Seguridade:

1.— Establece-las liñas xerais do plan de actividades.

2.— Aproba-lo anteproxecto do presuposto anual.

3.— Aproba-la memoria das actividades do exercicio anterior.

4.— Propoñe-la estrutura orgánica e o cadro de persoal.

5.— Elaborar e aproba-lo regulamento de réxime interior.

6.— Propoñe-los programas mínimos para o ingreso, a formación e a promoción interna ás distintas escalas dos corpos de Policía Autónoma e de policía locais.

7.— Aproba-los convenios con outros centros de natureza semellante.

8.— Aprobar convenios cos concellos sobre a formación dos membros dos corpos de bombeiros.

9.— Coñecer e emitir informe sobre asuntos que o presidente do Consello Rector ou o director da

AGS sometan á súa consideración.

Artigo 6

1. O funcionamento do Consello Rector axustarase ó disposto na Lei de procedemento administrativo, título I, capítulo II, sobre órganos colexiados.

2. O Consello Rector reunirse como mínimo unha vez cada seis meses e en calquera caso sempre que sexa convocado polo presidente ou o solicite unha terceira parte dos seus membros.

3. O presidente do Consello Rector poderá convocar técnicos ou especialistas ás reunións para asesoramento.

Artigo 7

O director da AGS, con categoría de director xeral, será nomeado por decreto da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública.

Artigo 8

Correspóndelle ó director da AGS:

1.— Te-la representación ordinaria.

2.— Executa-los acordos do Consello Rector.

3.— Elabora-lo anteproxecto de presuposto anual, que será sometido á aprobación do Consello Rector.

4.— Propoñerlle ó Consello

Rector o plan anual de actividades.

5.— Realiza-la xestión presupostaria, dispoñe-los gastos e propoñe-la ordenación dos pagamentos.

6.— Dirixi-los servicios administrativos e exerce-la xefatura de persoal da Academia.

7.— Prepara-la memoria de actividades para sometela ó Consello Rector.

8.— Expedir diplomas e certificados.

Artigo 9

1. O cadro de persoal da Academia cubrirase por funcionarios de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia ou de calquera outra Administración pública, de acordo co disposto na Lei da función pública de Galicia.

2. Os membros integrantes do persoal docente que non formen parte do cadro de persoal da AGS terán a condición de colaboradores temporais e o dereito a percibi-las compensacións económicas que lles correspondan por asistencia, horas lectivas, conferencias, seminarios ou traballos determinados.

3. A Academia Galega de Seguridade poderá encargar traballos de investigación, estudos e documentación para o mellor cumprimento dos seus fins.

Artigo 10

1. A Academia Galega de Seguridade dispoñerá, para o cumprimento dos seus fins, dos seguintes recursos:

a) As cantidades que se lle asignen nos presupostos xerais da Comunidade Autónoma.

b) Os bens e dereitos que constitúan o seu patrimonio e os rendementos deste.

c) As subvencións e outras achegas públicas ou privadas.

d) As contraprestacións derivadas dos convenios nos que sexa parte.

e) Os dereitos de matrícula dos cursos, se é o caso.

f) Os rendementos das publicacións e calquera outro servizo retributivo da Academia que así se estableza.

2. Terán carácter de patrimonio adscrito os bens que lle adscriba a Comunidade Autónoma.

Disposición derradeira primeira

Facúltase á Xunta de Galicia para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta lei.

Disposición derradeira segunda

A presente lei entrará en vigor a partir do día seguinte á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 1992

Manuel Fraga Iribarne
Presidente